



II TROFEO SOLIDARIO DE NADAL

CELTA ATLETISMO

Atletismo en Pista en Idade Escolar

REGULAMENTO:

· ARTIGO 1. Organizadores e obxectivos.

O **Grupo Celta Atletismo**, co patrocinio da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, Secretaría Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Pontevedra, Abanca, Socios Colaboradores e a participación da Federación Galega de Atletismo e o Comité Galego de Xuíces, organizará no mes de decembro o “**II TROFEO SOLIDARIO DE NADAL CELTA ATLETISMO**”.

Un ano máis e tralo éxito da primeira edición, volveremos a vivir unha fermosa xomada na que nenos e nenas, ademais de poñerse o dorsal, mostrarán o seu lado máis solidario doando un xoguete novo ou alimentos non perecedoiros as familias menos favorecidas da nosa cidade. A totalidade de alimentos e xoguetes recollidos, serán entregados a **AFAN (Asociación Freixeiro Axuda o Necesitado)** e á campaña de recollida de xoguetes “**Cada neno un xoguete**” levada a cabo pola **Asociación Stop e Iniciativa Local**.

· ARTIGO 2. Data e instalación.

O “**II TROFEO SOLIDARIO DE NADAL CELTA ATLETISMO**” terá lugar o vindeiro sábado 17 de decembro a partires das 10:00 horas na Pista Municipal de Atletismo de Balaidos (Vigo).

· ARTIGO 3. Control técnico da proba e cronometraxe.

A competición estará controlada polo Comité Galego de Xuíces da Federación Galega de Atletismo e formará parte do seu calendario oficial. Haberá cronometraxe eléctrica e todo o reflectido no presente regulamento rexeráse polas normas vixentes da FGA, RFEA e IAAF.

· ARTIGO 4. Inscripción e entrega do dorsal.

Poderán participar todos aqueles nenos e nenas de clubs e centros escolares de categoría pre-benxamín ata cadete. A inscrición para **atletas federados** farase a través do sistema online da web da RFEA: <https://isis.rfea.es/sirfea2/>, no caso dos **atletas con licenza escolar** (dados de alta na plataforma Xogade pero non federados) e **atletas de categoría pre-benxamín**, a inscrición farase enviando un correo electrónico a inscripcionescelta@hotmail.com, indicando: nome e apelidos, data de nacemento e DNI do atleta; máis o nome, apelidos e DNI do titor, xunto cun teléfono de contacto. Para todos eles **o prazo de inscrición rematará o vindeiro 15 de decembro ás 22.00 horas**. Os dorsais serán facilitados pola organización e recolleranse na zona de secretaría o mesmo día da competición con 40 minutos de antelación sobre a proba na que se participe. Entregarase un único dorsal que irá colocado na parte dianteira da camiseta totalmente visible. No momento de recoller o dorsal, os participantes poderán entregar un **xoguete novo** ou **alimentos non perecedoiros** á organización.

· ARTIGO 5. Categorias de competición e programa de probas.

CATEGORÍAS	ANO DE NACEMENTO	PROBAS (1)
PRE-BENXAMÍN	2010 - 2011	50 m e lonxitude (2)
BENXAMÍN	2008 - 2009	50 m, 500 m, lonxitude e peso
ALEVÍN	2006 - 2007	60 m, 500 m, lonxitude e peso
INFANTIL	2004 - 2005	60 m, 500 m, lonxitude e peso
CADETE	2002 - 2003	60 m, 600 m, altura e peso

(1) Cada atleta só poderá inscribirse nunha carreira e nun concurso.

(2) Probas non oficiais o non ter licenza escolar ou federada.

CONCELLO
DE VIGO



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

DEPORTE
GALEGO

GALICIA
SAUDABLE

//ABANCA



II TROFEO SOLIDARIO DE NADAL

CELTA ATLETISMO

Atletismo en Pista en Idade Escolar

• ARTIGO 6. Premios.

Entregaranse medallas os tres primeiros clasificados de cada categoría e sortearanse diferentes agasallos doados polos nosos Socios Colaboradores e o Grupo Celta Atletismo.

• ARTIGO 7. Servizos médicos e outros servizos.

A proba disporá de servizos médicos regulamentarios así como de ambulancia asistencial. Todos os atletas participantes estarán cubertos por un Seguro Deportivo de Accidentes e terán á súa disposición os vestiarios e as duchas da instalación, ademais de dispoñer dun servizo de garda roupa.

• ARTIGO 8. Reclamacións:

Todas as reclamacións deberán facerse verbalmente ao xuíz árbitro da competición, non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos resultados oficiais que serán colocados no taboleiro oficial da organización.

• ARTIGO 9. LOPD:

Todos os atletas, ao realizar a inscrición, aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e internet.

• ARTIGO 10. Horario e programa de probas.

CARREIRAS (3)	HORA	CONCURSOS
60 m. CADETE MULLERES	10:00	LONXITUDE ALEVÍN M – H / PESO INFANTIL M – H
60 m. CADETE HOMES	10:15	
60 m. INFANTIL MULLERES	10:30	
60 m. INFANTIL HOMES	10:45	
60 m. ALEVÍN MULLERES	11:00	LONXITUDE PRE-BENXAMÍN M – H (4) / PESO CADETE M – H
60 m. ALEVÍN HOMES	11:15	
50 m. BENXAMÍN MULLERES	11:30	
50 m. BENXAMÍN HOMES	11:45	ALTURA CADETE MIXTA (5)
50 m. PRE-BENXAMÍN MULLERES	12:00	LONXITUDE INFANTIL M – H / PESO ALEVÍN M – H
50 m. PRE-BENXAMÍN HOMES	12:15	
600 m. CADETE MULLERES	12:35	
600 m. CADETE HOMES	12:45	
500 m. INFANTIL MIXTO	13:00	LONXITUDE BENXAMÍN M – H / PESO BENXAMÍN M – H
500 m. ALEVÍN MIXTO	13:15	
500 m. BENXAMÍN MIXTO	13:30	ENTREGA DE PREMIOS

(3) **INSCRICIÓN.** Cada atleta só poderá inscribirse nunha carreira e nun concurso.

(4) **LONXITUDE.** Táboa de 1 metro para as categorías pre-benxamín, benxamín e alevín. Táboa de 2 metros para a categoría infantil. Competirase en dous fosos, separando homes e mulleres.

(5) **ALTURA.** Inicio en 1.15 cm e cadencia de 5 cm en 5 cm.

Esta proba pertence ao Calendario Oficial da Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o atleta consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así coma a xestión da licenza de día e o ranking galego de Pista ao Aire Libre. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avda. de Glasgow 13 – 15008. A Coruña.

CONCELLO
DE VIGO



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

DEPORTE
GALEGO

GALICIA
SAUDABLE

//ABANCA